


**UN ANO NO COUREL**  
**Xurxo de Vivero**  
**Xerais. Vigo, 1997**

Despois de "Un ano nos Ancares", Xurxo de Vivero ofrécenos agora "Un ano no Courel", tamén na serie Roteiros da Colección Montes e Fontes de Xerais. Roteiros a pé, para unha xornada "aínda que algunhas veces acabaremos un pouco cansos. Pero andando o ritmo faise natural e metémonos na paisaxe, co vento na cara e o sol facendo de chumbo ós nosos pasos", como di o propio autor nas páxinas preliminares. E logo, de Xaneiro a Decembro, no frío e na calor, no agromar das flores e na caída das follas, sucédense os itinerarios polas terras montesías do Courel, alternando con descripcións da flora, da fauna, da toponimia, da arqueoloxía,...

Itinerarios que serven para amosar a vida na serra e os seus cambios ó paso das estacións, onde o autor interacciona co entorno -sexa natureza, sexan xentes,- e devolve ó lector unha vivencia, unha experiencia. Con mapas, informacións complementarias e índices diversos, o libro presenta, no seu conxunto, unha particular visión do Courel desde a confluencia de perspectivas literarias, ecolóxicas, informativas e persoais do autor.

E.C.



**A NOSA HORTA.**

**X. Cordeiro; M<sup>a</sup> Davila;**  
**A. Nuñez**  
**Xerais. Vigo, 1998**



É este un libro que se presenta como un guía para a ordenación dos cultivos da horta familiar. É por tanto de sumo interese nun País como o noso onde está mui estendida á práctica da horticultura a nivel caseiro.

Temos que alegrarnos que pouco a pouco vaian aparecendo textos que fagan referencia a cultivos axeitados ao noso clima e solo e que non teñamos que recurrir como até agora a traducións de libros estranxeiros non sempre adaptados á nosa realidade.

O cultivador dunha pequena horta terá cumprida información sobre os diferentes aspectos implicados, mas tamén o agricultor profesional poderá obter información para contrastar e mellorar as súas prácticas hortícolas.

Só nos resta asinalar que botamos en falta algunha referencia ás técnicas da agricultura ecolóxica, unha agricultura menos intensiva e mais repetitosa co ambiente, sobre todo no ataque ás pragas e pestes e nas recomendacións do adubado das terras.


Desexamos que o libro teña o éxito que se merece e sexa o inicio dunha serie, xa que o arraigo que na Galiza ten a horta familiar así o require. E oxalá este costume sexa retomado polas novas xeracións, e as hortas, cortiñas e pomares que rodeaban as casas nas aldeas e vilas do país volten ser traballadas, para ben da saúde de todos e do País.

J.P.

**ROTEIROS**

**Os mosteiros de Galicia en bicicleta de montaña**

**X. C. Dopazo Fontán**  
**Xulio Simón Rúa**




14 fermosos itinerarios para percorrer e coñecer os mosteiros galegos en bicicleta de montaña. Caaveiro, Santa María de Oia, Xunqueira de Ambía, Monfero, Santo Estevo de Ribas de Sil, Armenteira, Samos...

**MONTES E FONTES**

500 especies vexetais que medran nos hábitats costeiros. Cada planta vai acompañada dunha completa e rigorosa descrición que recolle datos sobre a súa ecoloxía, época de floración e posibles aplicacións medicinais.

**Guía da flora do litoral galego**

**Luis Alberto Sanmartín**  
**Helena Lago Canzobre**



**XERAI S**

